

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Un acuario con moita vida

Brais reside nunha vila das Rías Altas e está afeito a ver como os peixes viven no mar. Pero desde que era pequeno gustoulle ter peixes como mascotas. Por fin hoxe é o seu aniversario e puido pasar os peixes ao novo acuario que lle regalaron. Ten unha capa de area no fondo, unha pequena cova para o refuxio dos peixes, dúas especies distintas de plantas acuáticas que producen osíxeno, luz e unha bomba para filtrar a auga e mesturala ben con aire. Os peixes parecen estar moi contentos no seu novo fogar!



### 1 Responde as preguntas.

a) Que función cumpre a bomba dun acuario?

\_\_\_\_\_

b) Por que é necesario que a auga do acuario se mesture ben con aire?

\_\_\_\_\_

c) Cres que os peixes están mellor nun acuario grande ou nun pequeno? Explica por que.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

### 2 Cando temos un acuario, debemos proporcionar alimento aos peixes todos os días. É necesario tamén engadir ao acuario alimento para as plantas? Explica a resposta.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

### 3 Brais saíu co seu avó para pescar en mar aberto. Contáronlle que a luz non chega ás zonas máis profundas e os peixes que as habitan pasan a súa vida en total escuridade. Poderían vivir as plantas nese contorno? Por que?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- 4** As plantas do cuarto de Brais teñen que facer a fotosíntese; si, as do acuario tamén! Pero como o fan? Ordena as fichas para escribir unha descrición correcta dese proceso.

que entra polos estomas

ata as zonas verdes da planta.

que forman o zume bruto.

auga e sales minerais,

Este zume é unha mestura de auga e alimentos.

e forma o zume elaborado.

As plantas toman da terra

combínase co dióxido de carbono

Este zume circula polos vasos leñosos

Alí, grazas á enerxía do sol,


As plantas toman da terra

- 5** Que gases producen as plantas do acuario? Cales absorben? Elixes as palabras correctas.

Producen *dióxido de carbono* / *osíxeno* durante a *fotosíntese* / *respiración* e consómeno durante a *fotosíntese* / *respiración*. Expulsan *dióxido de carbono* / *osíxeno* durante a *fotosíntese* / *respiración* e absórbeno durante a *fotosíntese* / *respiración*.

- 6** Esta gráfica representa a cantidade de osíxeno que hai disolto na auga dun acuario ao longo dun día. Sinala a interpretación correcta da gráfica.

- ☐ Hai cada vez máis osíxeno porque o producen os peixes.
- ☐ Hai cada vez menos osíxeno porque o consomen os peixes.
- ☐ A cantidade de osíxeno é máis ou menos constante.



- 7** No texto inicial menciónase algo que fan as plantas acuáticas. Utiliza ese exemplo para explicar se os seres vivos inflúen sobre as condicións do medio físico que habitan.

**8** Como sabes, no acuario de Brais hai dúas especies diferentes de plantas e catro peixes da mesma especie, ademais de area e auga.

a) En que dous tipos de medio físico poden vivir os seres vivos? En cal deses dous tipos incluírías o acuario?

---

---

b) Menciona dous compoñentes do medio físico deste ecosistema.

---

c) Cantas poboacións hai nese ecosistema? E cantas comunidades?

---

d) A luz que chega ao acuario, a cantidade de aire que hai disolto na auga e a temperatura da auga son factores do medio físico ou son compoñentes da comunidade? Explica a resposta.

---

---

e) Cales son os compoñentes da fauna e da flora no acuario?

---

---




**9** Nas montañas da provincia de Lugo hai bosques con castiñeiros, faias, bidueiros e outras moitas especies de árbores. Non obstante, cando no paseo marítimo da vila de Brais plantaron bidueiros, estes secaron e morreron a pesar dos coidados que recibían. Por que nun medio físico determinado hai uns seres vivos e non outros? Completa a resposta.



frío – adaptados – romeu – medio – pobres – polares – necesidades

Cada ser vivo ten unhas \_\_\_\_\_ para poder vivir. Por exemplo, os osos \_\_\_\_\_, que teñen unha grosa capa de graxa e moito pelo, viven nun clima moi \_\_\_\_\_. As plantas de \_\_\_\_\_ poden vivir en terreos \_\_\_\_\_, polo que habitan zonas pouco fértiles. Por iso dicimos que os seres vivos están \_\_\_\_\_ ao \_\_\_\_\_ en que viven.

- 10** A herba, a lebre e a aguia real forman unha das cadeas tróficas da zona onde vive Brais. Indica cal das tres formas (A, B ou C) é a correcta para representar esa cadea.



- 11** Elabora unha rede trófica con estes seres vivos que podemos encontrar nas montañas que están preto da vila de Brais. Debes ter en conta a seguinte información:



- O aguiacho e o bufo comen esquíos, toupas e ratos.
- O armiño come lagartas, toupas e ratos.
- O esquío come piñóns e castañas.
- A toupa e o rato comen castañas e eirugas.
- A lagarta come eirugas.
- As eirugas aliméntanse de follas de piñeiro.

- 12** Segundo a información da pregunta anterior, que relación existe entre o rato e a toupa? É unha relación beneficiosa ou prexudicial para cada un deles?